

ACTA NÚM. 6/2024.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE
BRIÓN O DÍA 29 DE MAIO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 29 de maio de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten: TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.05.2024.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2024 E CADRO DE PERSOAL.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 13.05.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 5/2024, do 13.05.2024. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN NÚM. 4 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 25.04.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 28.05.2024, que transcrita di:

I. Antecedentes:

1. A relación de postos de traballo (en adiante RPT) do Concello de Brión, foi aprobada polo Pleno en sesión de data 31 de xullo de 2019, e publicada no BOP nº 149, de data 8 de agosto de 2019.

2. A 1ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 27 de febreiro de 2020, e foi publicada no BOP do 23 de xuño de 2020.

3. A 2ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 21 de abril de 2021, e foi publicada no BOP do 2 de xuño de 2021.

4. A 3ª modificación da RPT foi aprobada por acordo do Pleno do 29 de marzo de 2023, e foi publicada no BOP do 11 de maio de 2023.

5. Consta informe da empresa Galivalia Consulstgo S.L., contratista do servizo de asesoramento técnico - xurídico en materia de recursos humanos, que foi a que confeccionou a RPT, de data 05.04.2024, onde se contén a modificación que se propón.

6. Considera esta alcaldía mediante providencia de inicio do expediente do 23.04.2024 a necesidade de modificar a RPT, para:

- Creación dun novo posto de Axente de Igualdade de Xénero, de persoal funcionario, grupo A2. Nivel de complemento de destino: 20, e específico de: 7.133,42 euros/ano.

- Creación dun novo posto de Oficial Administración, de persoal funcionario, a cubrir por promoción interna. Grupo C2/C1. Nivel de complemento de destino: 18, e específico de: 6.182,54 euros/ano.

- Modificación do posto de Oficial Oficina Electrónica, mediante a actualización e modificación das funcións principais do posto, grupo C1/B. Nivel de complemento de destino: 19, e específico de: 7.133,42 euros/ano.

II. Fundamentos de dereito:

- Artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para aprobación da RPT.

-. Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto o informe conxunto de secretaría e intervención, e á vista do exposto propónse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Realizar as seguintes adaptacións no persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

1. Creación dos seguintes postos de traballo:

1.1.

CÓDIGO	06.02.00.02
DENOMINACIÓN	AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO
TIPO	F
CORPO ESCLA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	A2
NIVEL	20
C.E. (14 PAGAS) Ano 2023	7.133,42
PROV.	C
R.N.	U.E.
NIVEL DE TITULACIÓN ESIXIDO	Grao, Licenciatura ou Diplomatura en igualdade, socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía, traballo social, educación social ou equivalente da área de ciencias sociais e xurídicas. - Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 horas), salvo para aquelas persoas que dispoñan do grao en igualdade.
ADM.	A.L.
OBSERVACIÓNS	

1.2.

CÓDIGO	01.02.00.04
DENOMINACIÓN	OFICIAL ADMINISTRACIÓN
TIPO	F
CORPO ESCLA	A.X. (AUXILIAR/ADTV)
GRUPO	C2/C1
NIVEL	18
C.E. (14 PAGAS) Ano 2023	6.182,54
PROV.	C
R.N.	U.E.
NIVEL DE TITULACIÓN ESIXIDO	GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE
ADM.	A.L.
OBSERVACIÓNS	

2. Modificación do posto de Oficial Oficina Electrónica, quedando a ficha do posto do seguinte xeito:

CÓDIGO	01.02.00.02
DENOMINACIÓN	OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA
TIPO	F
CORPO ESCLA	A.X. (ADTVA)
GRUPO	C1/B
NIVEL	19
C.E. (14 PAGAS) Ano 2023	7.133,42
PROV.	C
R.N.	U.E.
NIVEL DE TITULACIÓN ESIXIDO	BACHARELATO OU EQUIVALENTE
ADM.	A.L.
OBSERVACIÓNS	

Nota: O importe de CE previsto nas táboas anteriores inclúe o incremento adicional do 0,5 % previsto no artigo 19.dous.2.a) (IPCA), e o incremento adicional do 0,5 % previsto no artigo 19.dous.2.b) (PIB), da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

2º) Aprobar a matriz para a determinación dos complementos específicos e de destino dos postos de nova creación e do posto que se modifica, que figura de seguido:

2.1. AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO.

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILID			D. TEC	ADI C.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI.	REL. O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
06.02.00.02	AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO	45	9	54	185	13	5	15	42	368	375

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COM P.	XEF. M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI.	REL. O			TER R.	FUN C.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
06.02.00.02	AXENTE DE IGUALDAD DE XÉNERO	120	60	21	6	42	90	60	56	78	533	550	A 2	20

2.2. OFICIAL ADMINISTRACIÓN.

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

DENOMINACION	RESPONSABILID	D.	ADI	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDO
--------------	---------------	----	-----	------	-----	-----	-------	------

CODIGO		RE. O	DI.	REL.O	TEC	C.				ND	
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS		
01.02.00.04	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	45	9	54	148	26	5	5	28	320	325

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COM P.	XEF. M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI.	REL. O			TER. R.	FUN. C.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
01.02.00.04	OFICIAL ADMINISTRACIÓN	90	40	21	6	42	75	60	28	78	440	450	C 2/C 1	18

2.3. OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CODIGO	DENOMINACION	RESPONSABILID			D. TEC	ADI. C.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
		RE. O	DI.	REL.O							
		PTOS	PTOS	PTOS							
01.02.00.02	OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA	45	9	63	185	26	5	5	35	373	375

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

CODIGO	DENOMINACION	ESPECIALI.		RESPONSABILIDADE			COM P.	XEF. M	COMPLEX		PUNTOS	REDONDEO	GRUPO	NIVEL
		F. BAS	F. CO	RES. O	DI.	REL. O			TER. R.	FUN. C.				
		PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS			PTOS	PTOS				
01.02.00.02	OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA	90	50	21	6	49	90	60	28	91	485	500	C 1/B	19

3º) Aprobar as funcións dos postos de traballo que figuran de seguido.

CÓDIGO	06.02.00.02
DENOMINACIÓN	AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS. UNIDADE DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA
TIPO DE PERSOAL	F

CATEGORÍA	A.E. (TÉCNICA)
GRUPO	A2
FUNCIÓN	Detección de necesidades en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prevención e intervención da violencia de xénero.
	Información, orientación e asesoramento en materia de igualdade.
	Programación, planificación, intervención e realización de proxectos de dinamización de políticas de igualdade no territorio.
	Execución do/s programa/s presentados pola entidade local e desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado.
	Coordinación de profesionais de diferentes áreas e departamentos relacionados coa igualdade de oportunidades.
	Seguimento e avaliación das diferentes intervencións.
	Asistencia técnica na aplicación da perspectiva de xénero de forma transversal.
	Elaboración e emisión de informes de impacto de xénero e documentación de procesos.
	Colaboración e coordinación coa Deputación de A Coruña e outras Administración Públicas no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade.
	Participación na formación continua programada desde a Deputación provincial da Coruña.
	Coordinación, xestión e seguimento da programación da conciliación municipal.
Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios da área e que entren dentro da súa capacitación profesional.	
Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.	
OBSERVACIÓN	

CÓDIGO	01.02.00.04
DENOMINACIÓN	OFICIAL ADMINISTRACIÓN
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE REXISTRO, ARQUIVO, INFORMACIÓN, ATENCIÓN CIDADÁ E ALCALDÍA

TIPO DE PERSOAL	F
CATEGORÍA	A.X. (AUXILIAR/ADTVA.)
GRUPO	C2/C1
FUNCIÓN	Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios da unidade, nos termos do disposto na propia RPT e co alcance sinalado pola normativa de aplicación, baixo as directrices xerais da Coordinación Departamental.
	Colaborar na organización dos respectivos servizos.
	Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.
	Realizar tarefas de atención ó público en xeral.
	Transcribir documentos.
	Control e reposición do material de oficina do seu departamento.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial da unidade na que se integra.
OBSERVACIÓNS	PROMOCIÓN INTERNA

CÓDIGO	01.02.00.02
DENOMINACIÓN	OFICIAL OFICINA ELECTRÓNICA
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL. UNIDADE DE REXISTRO, ARQUIVO, INFORMACIÓN, ATENCIÓN CIDADÁ E ALCALDÍA
TIPO DE PERSOAL	F
ESCALA	A.X. (ADTVA.)
GRUPO	C1/B

FUNCIÓNS	Asumir a responsabilidade da administración electrónica no Concello.
	Interlocutor (e-responsable) da administración electrónica entre o Concello e outras administracións.
	Asesorar e formar aos distintos traballadores do Concello, no eido da súa capacitación profesional, cando así sexa requirido dende os diferentes departamentos ou servizos.
	Asesorar e asistir aos cidadáns para que estes poidan relacionarse coa administración por medios electrónicos.
	Responsable do cumprimento da protección de datos.
	Xestión, recepción e distribución das notificacións electrónicas das distintas administracións co Concello.
	Xestión das contas de correo electrónico corporativo municipal, así como das aplicacións móbiles de información das actividades do Concello e de comunicacións cos cidadáns.
	Velar polo bo funcionamento da infraestrutura telefónica e de impresión, sendo interlocutor entre o Concello e as empresas que prestan os referidos servizos.
	Actuar como secretario da mesa de contratación permanente do Concello de Brión, así como asumir a tramitación principal na Plataforma de Contratación do Sector Público.
	Responsable da seguridade da información no Concello e actuar como persoa de contacto aos efectos de calquera tipo de trámite coa Oficina Técnica de Ciberseguridade Provincial da Deputación de A Coruña.
	Asumir a xestión da comunicación municipal: responsable das páxinas web, redes sociais, comunicación coa prensa ou coa empresa designada, elaboración de carteis, bandos, publicidade, deseño e maquetación da revista municipal, etc.
	Elaboración da proposta do orzamento anual en materia de novas tecnoloxías.
	Informe de facturas de gastos dentro da súa área e das súas competencias.
	Iniciativa de gasto sobre as súas competencias, baixo a supervisión da intervención e da concellería responsable.
	Control, mantemento e reposición dos equipos, instalacións e material informático e dos sistemas de comunicación.
Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial da unidade na que se integra.	
OBSERVACIÓNS	

4º) Aprobar inicialmente a modificación núm. 4 da relación de postos de traballo que figura especificada e dispoñer, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2024 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 21.05.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 28.05.2024, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2024 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2024, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2024
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.057.137,94
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	106.891,92
Capítulo 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.368.262,06
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.392.248,65
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.240,06
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	820.536,00
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o recursos		7.747.316,63
	<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	6.926.780,63
	<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	820.536,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		7.771.316,63

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2024
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.791.477,31
Capítulo 2	GASTOS BENS CORRENTES/SERVICIOS	3.057.656,21
Capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	9.100,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	684.027,33
Capítulo 5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	
Capítulo 6	INVERSIÓN REAIS	1.200.055,78
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.000,00
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS o empregos		7.747.316,63
	<i>OPERACIÓN CORRENTES</i>	6.542.260,85
	<i>OPERACIÓN DE CAPITAL</i>	1.205.055,78
OPERACIÓN FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		7.771.316,63

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2024, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que en primeiro lugar quero agradecer as consultas realizadas cos grupos da oposición, é a primeira vez que se fixo, e que este é o camiño a seguir, e oxalá se levase tamén ás asociacións, etc..., pero pouco a pouco.

Sinalar tamén que non estamos aquí para insultar a ninguén, facemos o traballo para o que nos puxeron os veciños, non estamos nin para defender ao alcalde nin ao goberno municipal, estamos para traballar o mellor posible para os veciños, non estamos aquí para dicir amén a todo.

Respecto do orzamento sinalar que é un récord que cheguen en xuño, é a primeira vez que eu recorde que chegan tan tarde; só tiven que ver o orzamento do ano pasado, non hai aposta pola cultura, nin polo emprego, nin polo patrimonio, é un documento técnico pero non político, e uns orzamentos que non son colaborativos nós non os podemos apoiar, hai que negociar, que é chegar a acordos, non descualificar todo; o orzamento tamén é transparencia porque antes non tiña maioría e agora si, entendemos que non podemos falar do que se faría, por desconfianza, porque hai cousas aprobadas aquí que despois non se executaron.

Engade que hai 500.000 euros de incremento respecto do 2023 que son pola estrada; non ven a suba pola recollida de lixo, hai un aforro enerxético importante, en emprego baixa e que non se pode só retuitear ofertas de traballo de amigos, o tema das subvencións para material escolar que nós pedimos está presupostado, agora debe executarse correctamente; as subvencións nominativas non están xustificadas como sempre, e non din nada intervención sobre os contratos menores. O BNG fai propostas para avanzar, para colaborar, todo o que propoñemos pode facerse técnica e legalmente, pídanos colaboración pero non submisión; nós pedimos actuacións para o fomento do aluguer, sobre o IES de Esparís, sobre a plataforma de Cornanda, sobre o consello escolar, sobre a gravación dos plenos, asistencia ás mesas de contratación, sobre as subvencións nominativas e contratos menores, estas solicitudes requiren transparencia, non cartos, e remata sinalando que son os mesmos orzamentos que trouxeron en 2023, nós apoiamos as cousas importantes como se fixo co tema da carballeira.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o orzamento é equilibrado, realista e social, duplica a partida de investimentos e se fixo polo equipo de goberno e traballadores de cada departamento, se fixeron reunións cos grupos da oposición, agradecemos as reunións e esperamos o seu apoio; as partidas de gasto social, educación, cultura e deportes se incrementan e non hai aumento de impostos.

Engade que respecto dos orzamentos de 2023 hai un incremento do investimento, fundamentalmente pola achega da Xunta á obra de acondicionamento da AC-543; polo seu importe destacan tamén a obra do POS + Adicional 2023 de pavimentación de acceso a Gosende e outros, e os relativos ao POS + 2024, e figura consignado o investimento do plan de mellora de acceso a parcelas agrícolas; os restantes investimentos están financiados integramente con recursos propios e destínanse a atender necesidades dos distintos departamentos; tamén está previsto realizar ao logo do ano investimentos que non van incluídos nestes orzamentos, froito das negociacións realizadas, como son, a mellora do camiño da Graña á Pereiriña; camiño cara ao Chan de Filgueiras, camiño de Graña ao Partantigo, todos eles para dar servizo ás explotacións gandeiras, e tamén incluímos a renovación dos parques infantís en Cornanda, Luaña e Boullón, e ademais hai un plan municipal para facer melloras en todo o concello, e tamén incluímos a petición feita de axudas para material escolar e libros.

Engadir que o orzamento non é un documento pechado, estamos abertos a posibles achegas da oposición que vaian en favor dos veciños e por todo isto pedimos o voso apoio.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que como dixo o portavoz do BNG quero agradecer ao alcalde a realización das negociacións; pensamos que foron reunións frutíferas porque as nosas achegas foron sinaladas por Sandy, entendemos que o orzamento da para o que da, esperamos ter máis reunións co equipo de goberno para tratar temas como o IES de Viceso, o CEIP, porque é moi necesaria a achega da Xunta de Galicia, polo que entre todos debemos conseguir máis financiamento da Xunta, porque o Concello só non pode pagar todo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral expón que existe toda unha serie de consideracións que deben facerse, e sinala unha serie de actuacións, todas esas cousas son do programa do partido popular de Brión, que entendemos se vende por pouca cousa, nós botamos en falta moitas cousas, falta de transparencia, se ve un pacto PP/PSOE de Brión, por catro pistas, nós non nos imos vender por catro pistas, a nosa proposta é como o ano pasado, presentamos cousas ao longo do ano, non imos entrar en compadrees, de todo o que figura no programa electoral do PP nada diso figura aquí, vendéronse por catro pistas.

Nós para dar o voto afirmativo, estes orzamentos terían que ser de moito máis calado, máis transparentes, e queremos que o que se aprobe se execute; entendemos que debe haber urxencias que non se están materializando, e por todo iso votaremos que non. Remata sinalando que por nós non vai quedar Brión sen ter orzamentos, non é necesario o noso voto, porque non se contempla a maioría das propostas que nós fixemos.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que quería recordar que no PP de Brión acordámonos ben do noso programa electoral; non vendemos nin deixamos de vender, estamos nun concello que hai corenta anos cometeu un erro, e agora despois de corenta anos estamos sen servizos, estamos sen nada, e bastante mermado; nós como grupo municipal pasamos moito traballo cos veciños e a miña compañeira presentouse e perdeu, pero non estou quince días de reunións para despois facer trapalladas. Nós imos traballar polos veciños, todos temos defectos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que vostede fala do goberno en primeira persoa, parece que xa gobernan; aquí vense a facer política, non ofendo a ninguén nin lle falto o respecto a ninguén.

A Sr^a. Concelleira Cebreal Gómez sinala que non vou entrar no debate dos pactos que se falou aquí, trátase do orzamento; engade que se se fan propostas pero non se di como se incorporan ao orzamento ou non son competencia municipal, non poden ir no orzamento, e remata sinalando que os orzamentos son realistas e viables, polo ben dos veciños.

O Sr. Alcalde sinala que quero dar as grazas por nomear o traballo que se fixo nas mesas de negociación, son ideas que van beneficiar aos veciños, nós nunca falamos mal de ningún grupo político, os orzamentos chegan tarde pero o importante é chegar a acordos, que poden modificarse ao longo do ano, non hai pacto con ninguén, de momento o único que facemos é traballar todos os días do ano, non hai pacto ningún.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10.05.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 28.05.2024, que transcrita di:

Antecedentes:

1. O Pleno do Concello en sesión de data 15.02.2023 aprobou un convenio de colaboración entre o Concello e a Real Federación Galega de Fútbol (en adiante RFGF) para o acondicionamento das instalacións deportivas, sendo o seu obxecto regular a colaboración da RFGF na obra de acondicionamento e remodelación da instalación deportiva "Campo de fútbol José Pumar" sito no lugar de Gándara, parroquia de San Salvador de Bastavales, que realizará o Concello de Brión, polo que en resumo a RFGF encargará un proxecto de obras de acondicionamento e remodelación da instalación deportiva obxecto deste convenio asumindo a RFGF o custo do mesmo e entregarallo ó Concello de Brión.

2. Con data 08.07.2023 se presenta no Concello o proxecto denominado: Proxecto básico e de execución remodelación do campo de fútbol “José Pumar” de Bastavales, Brión, redactado con data xullo de 2023 por Naos 04 Arquitectos S.L.P., por encargo da RFGF, que ten un orzamento de execución de: 537.917,39 euros, IVE incluído, sendo as fontes de financiamento a Deputación da Coruña á que se solicitará unha subvención por importe de: 350.000,00 euros, sendo o resto por importe de: 187.917,39 euros, IVE incluído, por conta do Concello.

O proxecto de investimento consiste en esencia na ampliación da superficie do terreo de xogo e dotalo de céspede artificial.

O obxecto do proxecto é dotar ao Concello de Brión dun recinto adecuado na parroquia de San Salvador de Bastavales (aínda que evidentemente será para a práctica deportiva de todos os veciños do Concello), para a práctica do deporte, moi solicitado polos veciños posto que o campo de terra que existe na actualidade non reúne condicións axeitadas para a práctica do deporte do fútbol.

As razóns de interese público de carácter deportivo, resultan evidentes e redundan no fomento dos intereses da provincia, polo que se considera que a Deputación debe contribuír no seu financiamento, pois nesta instalación se levarán a cabo actuacións de interese público tanto municipal, como provincial, como son a práctica deportiva, e non se pode solicitar o seu financiamento ao abeiro do POS + 2024 posto que o prazo de presentación de solicitudes rematou e se concentraría todo o investimento dese plan nunha soa parroquia, cousa que non se considera nin oportuna, nin conveniente, porque sempre se intenta repartir entre distintas parroquias en función das necesidades veciñais.

Visto o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación (BOP 150, do 10.08.2021), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto básico e de execución remodelación do campo de fútbol “José Pumar” de Bastavales, Brión, redactado con data xullo de 2023 por Naos 04 Arquitectos S.L.P., que ten un orzamento de execución de: 537.917,39 euros, IVE incluído.

2º) Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución deste proxecto polo importe de: 350.000,00 euros, IVE incluído, que representa un coeficiente de financiamento do: 65,066 %, sendo o resto por importe de: 187.917,39 euros, IVE incluído, por conta do Concello, que representa un coeficiente de financiamento do: 34,934 %.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento.

4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós ímonos abster polo tema das regras fiscais, que hai que velo en Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que ten que agradecerme que esta vez apertei máis á Deputación que a outra vez, en materia de investimento.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (3).
Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González